

Dende a Rede de Escolas de Amnistía Internacional de Vigo, co obxectivo de fomentar a reflexión sobre o labor da mesma na promoción e defensa dos Dereitos Humanos, propoñémosvos o IV Concurso de Microrrelatos Xuvenil.

- **O tema do microrrelato**

O título xenérico deste concurso será : **"Detrás de cada porta hai unha historia"**. Está relacionado coa campaña "O dereito á vivenda #NonSeVende" coa que Amnistía Internacional traballa o dereito á vivenda.

O microrrelato deberá ser orixinal e inédito, terá unha **extensión máxima de 250 palabras**, sen incluír o título, e poderá redactarse en galego ou castelán. Cada participante poderá presentar un único texto.

- **Onde enviar o teu microrrelato?**

Os relatos enviaranse mediante o formulario que estará dispoñible na páxina web de Amnistía Internacional Vigo.

Terá os seguintes campos: nome e apelidos, idade, centro dende o que participa, correo electrónico de contacto, teléfono de contacto, título do microrrelato, texto do mesmo.

- **Cal é o prazo para participar?** O prazo para enviar os microrrelatos será dende o **5 de febreiro ata o 9 de marzo de 2018, ámbolos días incluídos.**

- **Premios:** Neste certame concederanse os seguintes premios por categorías e modalidade:

* **Premio ao microrrelato mellor valorado por un xurado seleccionado polo Comité de Amnistía Internacional Vigo.** Un premio para cada categoría segundo a idade. Unha escultura de bronce de Amnistía Internacional, da artista galega Cuqui Piñeiro, e un lote de libros e material.

A.-Autores e autoras con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos.

B.-Autores e autoras con idade superior a 16 anos.

* **Premio para o microrrelato máis popular:** ao relato máis votado a través do facebook do Grupo Local de Amnistía Internacional de Vigo. Un premio por cada categoría. Un medallón de bronce de AI, da escultora galega Cuqui Piñeiro, e un lote de libros e material.

A.-Participantes con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos.

B.-Participantes con idade superior a 16 anos.



4º concurso xuvenil de microrrelatos Detrás de cada porta hai unha historia

5 de febreiro a 9 de marzo de 2018

Infórmate e participa en:
www.es.amnesty.org/vigo

AMNISTÍA
INTERNACIONAL



Rede de Escolas polos Dereitos Humanos

BASES REGULADORAS

1.- Obxectivo.

O IV Concurso de Microrrelatos Xuvenil ten como obxectivo fomentar a reflexión e afondar na situación do dereito á vivenda, que está tan ameazado tanto na nosa terra coma en todo o mundo. O tema desapareceu da prensa publicada, pero segue candente causando sufrimento a milleiros de persoas. Amnistía Internacional está levando a cabo a campaña “O dereito á vivenda #NonSeVende” para chamar a atención sobre toda esta serie de inxustizas.

2.- Participantes.

Poderá participar neste concurso calquera persoa maior de 14 anos matriculada nun Instituto de Ensino Secundario da provincia de Pontevedra. No caso de participantes que sexan menores de idade no momento de aceptar as presentes bases, deberán estar asistidos por aquela persoa que ostente a súa tutela legal.

Non serán admitidas ao concurso aquelas persoas que faciliten datos non veraces ou incorrectos.

3.- Requisitos do concurso.

O prazo para enviar os relatos será dende o **5 de febreiro ata o 9 de marzo de 2018**, ámbolos días incluídos.

Cada autor/a poderá presentar un máximo de 1 microrrelato.

O contido do texto deberá estar relacionado co tema sinalado: “Detrás de cada porta hai unha historia”.

Suxerimos abordar o tema desde o punta de vista da persoa que non ten fogar ou que é desafiuzada, As circunstancias, tantas veces inxustas, que a levaron ata alí, as emocións das persoas afectadas, a solidariedade de asociacións de axuda. Abrir os ollos, reflexionar, pasar por riba de falsos argumentos que só benefician xente poderosa.

O microrrelato terá unha extensión máxima de 250 palabras, sen incluír o título.

Poderá redactarse en galego ou castelán. Deberá ser orixinal e inédito, entendendo como tal aquel que non se publicase en ningún medio ou soporte e non recibise previamente premio algún noutro certame ou concurso. **Remítase a través dun formulario web que estará dispoñible na páxina web de Amnistía Internacional Vigo:**

www.es.amnesty.org/vigo

Deberán constar os seguintes campos de información: nome e apelidos do/a autor/a, idade, correo electrónico de contacto, teléfono de contacto, datos do centro dende o que participa, título e texto do relato.

Non se admitirá a concurso ningún relato enviado fóra de prazo, que a organización considere ofensivo ou difamatorio ou que vulnere as bases deste concurso.

A publicación dos resultados do concurso será o 19 de marzo de 2018. Os microrrelatos publicaranse na páxina web de Amnistía Internacional Vigo e no Facebook oficial do grupo local de Vigo.

As persoas autoras dos relatos cederán gratuitamente a Amnistía Internacional os dereitos editoriais de reprodución, distribución, transformación, comunicación pública en calquera soporte e polo período máximo que permita a lexislación.

Así mesmo responderán ante Amnistía Internacional da autoría e orixinalidade do microrrelato, asumirán total responsabilidade fronte a calquera reclamación que puidese ser efectuada por terceiras persoas. Serán tamén responsables ante calquera reclamación de terceiros relativa ao compromiso contraído polo autor ou autora e que puidese afectar aos dereitos que correspondan a Amnistía Internacional de conformidade co estipulado nas presentes bases.

4.- Premios e xurado. Neste certame concederanse catro premios. Dúas modalidades con dúas categorías determinadas pola idade.

Modalidade 1: Premio ao microrrelato mellor valorado por un xurado

seleccionado polo Comité de Amnistía Internacional Vigo. Establécense dúas categorías:

A.-Autores e autoras con idades comprendidas entre 14 e 16 anos.

B.-Autores e autoras con idade superior a 16 anos.

Nesta modalidade haberá, para cada categoría, tres relatos nomeados que recibirán un lote de libros e material. Destes tres nomeados sairá un primeiro premio que recibirá, ademais, unha escultura de bronce da artista galega Cuqui Piñeiro.

Modalidade 2: Premio ao microrrelato máis popular:

os microrrelatos colgaranse na páxina web do Facebook oficial do Grupo Local de Amnistía Internacional de Vigo durante un prazo dunha semana dende a súa publicación, e as/os seguidoras/es desta web poderán votar mediante a opción "gústame".

Aquel relato que máis votos obteña será o gañador. Nesa publicación, para preservar a obxectividade, non aparecerá o nome do/a autor/a e os relatos inseriranse aleatoriamente en:

.Facebook: <https://www.facebook.com/AmnistíaInternacionalGrupodeVigo/>

Nesta modalidade establécense tamén dúas categorías:

A.-Participantes con idades comprendidas entre 14 e 16 anos.

B.-Participantes con idade superior a 16 anos.

O premio nesta modalidade, para cada categoría, consistirá nun medallón de bronce, da artista galega Cuqui Piñeiro, e un lote de libros.

1. Protección de datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal facilitados neste concurso serán tratados conforme á política de privacidade de Amnistía Internacional España, que está recollida na seguinte páxina web: <http://www.es.amnesty.org/politica-de-privacidad/>